

Narelle Jubelin

NALGURES

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

3 xuño / 16 outubro 2022

Hall e planta primeira

Comisaria: Natalia Poncela López

Diseño de exposición: Marcos Corrales Lantero

Coordinadora: Cruz Provecho Pérez

Nalgures sitúanos no interior dunhas xeografías fragmentarias a partir da indeterminación daquilo que aínda está por definir. Narelle Jubelin (Sidney, 1960) detense nas memorias dos lugares e nos distintos modos en que estes son ocupados, recorrendo a referentes culturais concretos dentro do contexto galego e vinculándoos con outras cartografías e referencias da súa propia biografía e traxectoria artística. Por primeira vez, incorpora á súa semántica outras creacións artísticas contemporáneas como algunhas fotografías realizadas en Galicia por Anna Turbau (Barcelona, 1949) a mediados dos anos setenta, que sinalan elementos aos que Jubelin acode décadas despois.

Os posibles percursos por *Nalgures* organízanse en agrupamentos de obras, quendas marcadas segundo unha repartición previa de pezas procedentes de diferentes series. Entendemos as quendas como situacións de agrupamento temporais dun momento concreto, polo tanto, poderían presentar variacións entre o momento da escrita (texto) e o tempo da súa disposición nas salas (exposición).

HALL

1./2.

NARELLE JUBELIN

Intervención caligráfica sobre ventá, 2022

Tinta branca sobre vidro

“unha fecunda estación para aquelas que rastrexan nas sombras e andan nas sobras que toman os restos e o gardan do frío e contornan a casa con xasmíns e azaleas e prenden da cúrcuma os sabores da luz

andan dos pasos o seu silencio talvez ou acaso terman das teas que o vento abate

cantan (os tendais o vento a zoar... eses vestixios)”

Ana Romaní, *A desvertebra*, Chan de Pólvora, Santiago de Compostela, 2020, p. 56.

3.

NARELLE JUBELIN

Chan (Franxa de Gaza, 2014), 2022. Da serie *Nalgures*, 2019-2022

Protectores de embalaxes de cartón reciclado reutilizados e téxtil tecido pola artista empregando la mohair de cor pedra

Medidas variables

A partir de imaxes obtidas por satélite que documentaban os resultados da ofensiva israelí despregada ao longo de cincuenta días durante o verán de 2014.

Quenda I

4.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Ree Morton, 1972), 2022. Da serie Nalgures, 2019-2022

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de liño, vidro e madeira de eucalipto

16,5 x 21,7 cm (imaxe), 43,4 x 33 cm (marco)

“Mentres que as subestruturas con patas dos celeiros de pedra ibéricos puideron propiciar a crenza popular das súas escapadas nocturnas, o tipo barrigón destes cubertos africanos evoca máis que nada as ganas de bailar. O seu carácter antropomórfico vese resaltado por decoracións tales como o rostro humano (arriba)”.

Bernard Rudofsky, *Architecture without Architects, an Introduction to Nonpedigreed Architecture*, The Museum of Modern Art, Nova York, 1964.

5.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Ree Morton, 1972), 2016. Da serie Flamenca primitiva, 2016

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de seda, cobre, vidro e madeira de kadamu

16,5 x 21,7 cm (imaxe), 33 x 43,4 x 1,8 cm (marco)

A partir de: Ree Morton

Untitled (Rudofsky I), 1972

Acuarela e grafito sobre papel

38 x 55,5 cm

“O hórreo, construído a partir de grandes lousas de granito, está a proba de incendios e animalias. Apóiase en piares rematados por pedras circulares que actúan como espantarratos e que, por certo, son os precursores do capitel clásico. Os intersticios nas paredes favorecen a ventilación. A lenda di que os hórreos saen a pasear pola noite”.

Bernard Rudofsky, *Architecture without Architects, an Introduction to Nonpedigreed Architecture*, The Museum of Modern Art, Nova York, 1964.

6.

ANNA TURBAU

Cemiterio de Bonaval, Santiago de Compostela, 1976

Impresión Fineart Inkjet sobre papel de algodón Hahnemühle Photo Rag Baryta 315 g

24 x 36 cm

LEGADO ANNA TURBAU

“Desde o nivel superior do cemiterio de frades accédese ao salón central, o sector proxectado por Manuel de Prado y Vallo en 1846. Este recinto responde ao modelo claustral difundido desde finais do século XVIII, vinculado á tradición académica. O arquitecto trazaba a planta dun salón de gran lonxitude, cuxo chan sería ocupado con enterramentos —para os que se autorizaría a creación de monumentos funerarios— e rodeado no seu perímetro por bloques de nichos de catro alturas —que nos lados máis curtos presentan unha curiosa solución ao crear na cuarta altura uns nichos en ‘boca de forno’, que recordan o proxecto de Villanueva para o Cemiterio Xeral do Norte de Madrid—, interrompidos polas escalinatas e a porta de acceso ao sur”.

José Manuel Suárez García, “Bonaval: el cementerio hecho parque”, en *XX Encuentro Iberoamericano de valorización y gestión de cementerios patrimoniales. Los cementerios como recurso cultural, educativo y turístico*, Vicerrectorado de Investigación y Transferencia de la Universidad de Málaga, Málaga, 2019, p. 10.

7.

Ladrillos (A Catía), 2022. Da serie Nalgures, 2019-2022

Medidas variables

“A salgadura e o afumado levábanse a cabo nos lagares, unhas bodegas situadas nas proximidades das ribeiras do mar, como o almacén da Catía. Actualmente, quedan algúns vestixios destes magníficos conxuntos arquitectónicos aínda que outros forman xa parte da historia, como é o caso da fábrica situada na praia da Catía, un almacén de salgadura que deixou de traballar a principios de 1900 e que serviu de teito para varias familias ata que foi abandonado. O almacén estaba situado ao pé da praia co que facilitaba os desembarcos da sardiña a bordo das dornas xeiteiras”.

“Ruta do Sal”, proxecto Patrimonio pesqueiro na rede 2.0, Confraría de Pescadores de Carreira-Aguiño. En liña: < <http://cofradiadeaguino.com/uploads/Ruta%20do%20Sal.pdf>>. [Última consulta: 17/5/2022]

8.

NARELLE JUBELIN

Espellos, 2002. Da serie *Shumakom*, 2001-2002

2 elementos de 23 x 18 x 0,3 cm c/u

Producidos durante a segunda intifada para a exposición *Shumakom*, comisariada por Andrew Renton na Artists' House de Xerusalén (1 de maio - 1 de xuño 2002).

"Para saber hai que tomar posición. Non é un xesto sinxelo. Tomar posición é situarse dúas veces, polo menos, sobre as dúas fronteiras que comporta toda posición, posto que toda posición é, fatalmente, relativa. Por exemplo, trátase de afrontar algo; pero tamén debemos contar con todo aquilo do que nos apartamos, o fóra-de-campo que existe detrás de nós, que quizais negamos pero que, en gran parte, condiciona o noso movemento, por tanto, a nosa posición. Trátase igualmente de situarse no tempo".

Georges Didi-Huberman, *Cuando las imágenes toman posición*, Antonio Machado, Madrid, 2012, p. 11.

Quenda II

9.

Xerra Airiños da Ría, 1974. Vilagarcía de Arousa. Cerámicas do Castro. Sargadelos. Descatalogada

10.

Xerra. Cerámicas do Castro. Sargadelos. Forma Monférica. Descatalogada. Serie iniciada en 1967

"O 'monférico' é un sistema ornamental que tencioa lembrar de xeito moi abstracto o casetonado das bóvedas barrocas, e o distinguir iste sistema có do topónimo de Monfero ven porque esta bisbarra que encerra esta maravilla de pedra do noso pasado histórico, fica, aínda a súa lonxanía, baixo o dominio do noso ollar desde unha das fiestras de este laboratorio de formas do Castro no que foi estudado este sistema".

Forma Monférica, Cerámicas do Castro (Formas/67).

En liña: <<https://www.isaacdiazpardo.gal/sites/default/files/2020-08/CF6.pdf>>. [Última consulta: 17/5/2022].

11.

Prato A Nosa Señora da Xunqueira. Vilagarcía de Arousa. Decoración Peixes. Cerámicas do Castro. Sargadelos. Descatalogado

12.

ANNA TURBAU

Nena labrega, As Neves, 1976

Impresión Fineart Inkjet sobre papel de algodón Hahnemühle Photo Rag Baryta 315 g

24 x 36 cm

LEGADO ANNA TURBAU

13.

Pombas, 1987. Deseño: Carmen Perujo. Cerámica de Sargadelos. Descatalogadas

"A pomba pra herba de namorar. Feita a pelegriñación ó santuario, mozas e mozos acuden as rochas moriñas da beira do mar onde medra a herba de namorar, ou herba namoradeira, especie de caravel silvestre, ó que se lle atribúe, coma dí o seu nome, influencia namoradeira, a ca que voltan ós seus fogares. A pombiña pra herba de namorar sigue nas súas liñas a popular de San Andrés modelada con miga de pan, sempre presente nos 'ramos' da pelegriñación, e que, moitas vegadas, figúrase na imaxe do Santo como o peixe, as froes, a barca, o pensamento, etc.".

Isaac Díaz Pardo, "Sargadelos e San Andrés de Teixido", en Laboratorio de la quinta etapa de Sargadelos, 1967.

Quenda III

14.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Álvaro Siza, 1977), 2017. Da serie *The Presence of Black*, 2017-2019

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de seda e marco da artista

19,5 x 26 cm (imaxe), 40 x 54 x 2,5 cm (marco)

“Os primeiros problemas, relativos á escolla dunha única tipoloxía, manifestáronse durante unha discusión cos habitantes e foron despois transformados nunha cuestión política. Tiñase espallado a idea, xurdida no interior da asemblea ou xurdida do exterior, que construír só casas patio, nun sector da cidade, era inhumano e inaceptable. Este receo da monotonía é un desafío á busca da diferenza que non pode resolverse nunha cuestión estética, porque se así fose, o resultado aparecería logo artificial, caricaturizando ou inventado. A discusión foi conflitiva, como debe de ser nun proceso participado, e aínda así nunca comprometeu o diálogo. Vinte anos despois continuo a ter o apoio das poboacións e das cooperativas.”

Álvaro Siza Vieira, [sobre o proxecto da Quinta da Malagueira], en *Imaginar a evidência*, Edições 70, Lisboa, 2000, p. 117.

15.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Giuseppe Sardi, 1781), 2017. Da serie *The Presence of Black*, 2017-2019

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de seda e marco da artista

17 x 24 cm (imaxe), 35,5 x 50 x 2,5 cm (marco)

A partir dos baixorrelevos da fachada de Santa Maria del Giglio (Venecia) na que se representan planos de Candia (Heraclión), Corfú, Padua, Roma, Zara (Zadar) e Split, cidades sitiadas durante o imperio comercial da República de Venecia.

16.

NARELLE JUBELIN

Protector de embalaxe, 2022. Da serie *Nalgures*, 2019-2022

35 x 16 x 14 cm

“O interior da casa é distinto ao doutros edificios. Unha casa é utilizada por un pequeno número de persoas e o seu carácter é ‘persoal’ e ‘privado’; é froito dunha elección deliberada e, por tanto, representa a noción do ‘meu mundo’. Na casa atopamos as cousas que realmente coñecemos e que nos resultan particularmente significativas; levámolas nós e forman parte da nosa vida cotiá. Por tanto, a casa confirma a identidade de cada cal”.

Christian Norberg-Schulz, *Los principios de la arquitectura moderna*, Reverté, Barcelona, 2005, p. 98.

17.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Lavadoiro do Sarela), 2022. Da serie *Nalgures*, 2019-2022

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de liño, marco da artista, vidro e madeira de eucalipto

19 x 13 cm (imaxe), 38 x 25 x 2,5 cm (marco)

“Carrexadoras e lavadeiras enchían Compostela de vida, de traballo, e realizaban un circuíto de reciclado perfecto: as casas recibían a auga limpa e a roupa pasada polo ferro, e as mulleres levaban de volta ‘a lavadura’, as sobras do xantar que permitían alimentar os animais do cortello. Labor calado, eficaz e sustentábel, do infindo bo facer feminino que cómpre recoñecer e recuperar...”

Encarna Otero, *Camiños da auga. Fontes. Compostela, territorio das mulleres*, Concellaría de Igualdade, Concello de Santiago, 2016.

En liña: <<http://tm.santiagodecompostela.gal/gl/mapa/caminos-da-auga-fontes>>. [Última consulta: 17/5/22].

18.

Xerra con vasos para zume, 2013. Deseño: Luís Ramírez. Colección Giros. Cerámica de Sargadelos. Descatalogada

19.

NARELLE JUBELIN

Satellite Mirror, 2002. Da serie *Shumakom*, 2001-2002

6 interpretacións en *petit point*, fío de algodón sobre trama de seda

12,30 x 9,30 cm c/u (imaxes), 15,7 x 13 x 1 cm c/u (marcos)

A partir de *Satellite Mirror* (1926-1927), deseñado por Eileen Gray (1878-1976) para a súa casa E-1027 (1926-1929) e presente na exposición *Shumakom*, que tivo lugar na Artists' House de Xerusalén durante a segunda intifada e foi comisariada por Andrew Renton.

20. 21.

ANNA TURBAU

Obras da autoestrada AP-9, 1977

Impresión Fineart Inkjet sobre papel de algodón Hahnemühle Photo Rag Baryta 315 g

24 x 36 cm

LEGADO ANNA TURBAU

Fotografías realizadas para a reportaxe de José M. Siles, "Galicia: el timo de la autopista", *Interviú*, núm. 69, 9 de setembro de 1977, pp. 37-39.

22.

Xogo de xerras. Cerámicas do Castro. Sargadelos. Descatalogado

"Ideado por Díaz Pardo e Luís Seoane durante os seus encontros no exilio republicano, o Laboratorio [de Formas] é a institución que condensa as liñas de pensamento sobre as que se conformou o grupo Sargadelos, gran proxecto industrial e cultural de Galicia que se convertería en exemplo do carácter regulador da utopía, dos ideais morais que nos animan a facer ou transformar. Unha metáfora da creación ligada á transformación da sociedade, da cultura como motor de reactivación da memoria, da identidade e do territorio".

Agar Ledo, "O museo Carlos Maside. O relato da outra historia", *Grial: revista galega de cultura*, vol. 54, núm. 209, 2016, pp. 127-137.

23.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Lavadoiro de Pinisqueira I), 2022. Da serie *Nalgures*, 2019-2022

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de liño, marco da artista, vidro e madeira de eucalipto

14,5 x 26 cm (imaxe), 29 x 52 x 2,5 (marco)

"Na zona de Couso proliferaron tamén unha serie de almacéns e conserveiras que tiveron unha importancia enorme na economía de Aguiño. Un deles foi o almacén propiedade da familia Malrés na que se salgaba a sardiña a principios de 1800. Posteriormente pasou a mans doutros propietarios que a converteron nunha conserveira. Neste momento podían estar a traballar nela máis de duascenas mulleres".

"Ruta do Sal", proxecto Patrimonio pesqueiro na rede 2.0, Confraría de Pescadores de Carreira-Aguiño.
En liña: <<http://cofradiadeaguino.com/uploads/Ruta%20do%20Sal.pdf>>. [Última consulta: 17/5/2022].

24.

4 baixopratos. Cerámica de Sargadelos

25a./25b.

NARELLE JUBELIN

Das series *Shumakom*, 2001-2002 e *Nalgures*, 2019-2022

2 paneis de xeso escritos con punta de prata e lapis (reintervidos en 2022)

23 x 18 x 3, 6 cm c/u

Pertencen a unha serie completa de 16 paneis nos que se citan referencias de pezas ausentes e precedentes. Realizados a partir de vinte transcricións de textos escritos por Andrew Renton en Londres e Xerusalén. Transcritos en punta de prata sobre táboa en Londres e Madrid, e posteriormente remitidos en sucesivos envíos á Artists' House de Xerusalén no transcurso da exposición. Pigmento sen chumbo, copolímero sobre base de MDF.

[001] Eileen Gray

Satellite. Diseñado para a casa E-1027, 1926-1929

Estrutura de latón niquelado, espello, tapa de cristal convexo lixado para dúas bombillas. O espello de aumento suxeitase por medio de dúas varelas con topes

35,46 x 28,76 x 6,69 cm

Esther Ferrer

Instalación con cadeiras. Exposición *Esther Ferrer. En catro movementos* (CGAC, Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2012 - 30 de setembro de 2012)

60 cadeiras de plástico negro e metal

- [007] Lawrence Weiner
A 36''x 36'' Removal to the Lathing or Support Wall of Plaster or Wallboard from a Wall, 1968
Rubén Santiago
Cálculo, 2010. Proxecto *A cidade interpretada* (Santiago de Compostela, 2010)
Instalación *in situ* realizada con tubaxes de aceiro desde as salas de exposición do soto do CGAC até a Porta do Camiño
Medidas variables
-

Quenda IV 25c./25d.

NARELLE JUBELIN

Das series *Shumakom*, 2001-2002 e *Nalgures*, 2019-2022
2 paneis de xeso escritos con punta de prata e lapis (reintervidos en 2022)
23 x 18 x 3,6 cm c/u

Pertencen a unha serie completa de 16 paneis nos que se citan referencias de pezas ausentes e precedentes. Realizados a partir de vinte transcricións de textos escritos por Andrew Renton en Londres e Xerusalén. Transcritos en punta de prata sobre táboa en Londres e Madrid, e posteriormente remitidos en sucesivos envíos á Artists' House de Xerusalén no transcurso da exposición. Pigmento sen chumbo, copolímero sobre base de MDF.

- [007?] Dan Graham: "Two-Way Mirror Cylinder Inside Cube and Video Salon: Rooftop Park for Dia Center of the Arts", en Alexander Albeno (ed.), *Two-Way Mirror Power. Selected Writings by Dan Graham on his Art*, The Mit Press, Cambridge, Massachusetts, 1997, pp. 165-167.

Dan Graham
Triangular Pavilion, 1997
Estrutura metálica, espello-cristal de dobre cara e aceiro
370 x 500 x 500 cm
COLECCIÓN CGAC. COL1998-0012

- [017] Edward Ruscha
The Act of Letting a Person into Your Home, 1983
Óleo sobre lenzo
213 x 350 cm
Vito Acconci
The Following Piece, 1969
Fotografía e xiz sobre papel
6 elementos de 40,5 x 48,5 x 1,5 cm c/u e 2 elementos de 60,5 x 48,5 x 1,5 cm c/u
COLECCIÓN CGAC. COL1997-0004

- [020] Bas Jan Ader
Two Kinds of Grass, Two Kinds of Fences, Illuminated by Two Kinds of Light, 1970
Instalación, documentada por unha diapositiva de 35 mm e dúas fotografías en branco e negro
20,6 x 25,4 c/u (fotos)
Magdalena Abakanowicz
The Second Hand Like Tree, 1994. Exposición *Itínere. Camiño e camiñantes* (CGAC, Santiago de Compostela, 12 de decembro de 1994 - 24 de febreiro de 1995)
Bronce fundido
6 elementos de 380 x 400 cm, 120 x 140 cm e 150 x 130 cm

26.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Lavadoiro de Picaños), 2022. Da serie *Nalgures*, 2019-2022
Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de liño, marco da artista, vidro e madeira de eucalipto
17 x 22 cm (imaxe), 33 x 43,4 x 2,5 cm (marco)

"Auga de vida e fartura, auga que muda o granito en verdello. Foi esta auga, tan presente en Santiago, a que ocupou gran parte do labor feminino en Compostela até ben entrado o século XX. Sellas, baldes, caldeiros, xabón, vento e sol, os ríos Sar

e Sarela, os regatos e as fontes marcaban as horas, os días, as estacións deste traballo das mulleres, sempre mal pago, con enfermidades e dores, frío e molladuras, mais tamén con cantigas, risos, rexoubas e festa”.

Encarna Otero, *Camiños da auga. Fontes. Compostela, territorio das mulleres*. Concellaría de Igualdade, Concello de Santiago, 2016
En liña: <<http://tm.santiagodecompostela.gal/gl/mapa/caminos-da-auga-fontes>>. [Última consulta: 17/5/22].

27.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Keith Coventry, 1995), 2022. Da serie *Nalgures*, 2019-2022

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de liño e vidro

17 x 13 cm (imaxe), 25,5 x 25,5 x 5 cm (marco)

A partir de: Keith Coventry

Sceaux Gardens Estate, 1995. Da serie *Estate Paintings*, 1992-2007

Óleo sobre lenzo, madeira policromada e vidro

96,5 x 72 cm

“Luz natural procedente das ventás e as bufardas. Ningunha fonte de luz artificial. Dúas baldas corridas de madeira de 10 x 6 cm, que se estenden ao longo de 26 e 22 metros, respectivamente, colocadas a unha altura de 140 cm. Pintadas de branco. As baldas, deseñadas en colaboración con Marcos Corrales Lantero, son un sistema sinxelo que permite ir engadindo novas obras á exposición a medida que chegan á Artists’ House. A primeira está deseñada para percorrer de forma continua todas as salas da exposición, excepto unha. Articula o fluxo do espazo. A segunda, bloquea o devandito fluxo, funcionando á vez como soporte para a exposición e como barreira física para acceder á última sala”.

Narelle Jubelin & Andrew Renton, *Shumakom*, Artists’ Space, Xerusalén, 2002, p. 34.

28.

NARELLE JUBELIN

Espellos. Da serie *Shumakom*, 2001-2002

23 x 18 x 0,3 c/u

Producidos durante a segunda intifada para a exposición *Shumakom*, comisariada por Andrew Renton na Artists’ House de Xerusalén (1 de maio - 1 de xuño 2002).

Shumakom xorde a partir de dúas voces (hebrea e árabe) enunciando un *ningures* e asemade un encontro entre dúas linguas, en certo sentido, unha reconciliación.

“A obra de Narelle Jubelin fíxase nas viaxes que emprenden os obxectos a través do mundo e a historia que se acumula neles. A súa práctica artística recoñece que calquera idea de modernidade estivo tinguida de desprazamentos, cambiando e reinterpretando constantemente a forma en que a obra é recibida nun ou outro lugar”.

Andrew Renton, *Shumakom*, Artists’ Space, Xerusalén, 2002, p. 34.

Quenda V

29.

Xogo de café. Cerámicas do Castro. Sargadelos. Descatalogado

○ seu primeiro propietario mercouna como agasallo dunha voda que non tivo lugar.

“A fábrica do Castro xunto á de Sargadelos seguirían funcionando baixo a dirección de Díaz Pardo ata que, a principios dos anos 2000, un movemento empresarial por parte dos outros socios o situarían fóra dos postos de control. Na actualidade, despois de moitos atrancos, os fornos do Castro e Sargadelos seguen en funcionamento cunha proposta máis comercial e menos cultural”.

Isaac Díaz Pardo. *Memoria viva*.

En liña: <<https://www.isaacdiazpardo.gal/gl/empresas/o-castro>>. [Última consulta: 30/4/2022]

30.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (José Guerrero, 1966), 2014. Da serie *Flamenco primitivo*, 2014

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de seda

31 x 33 cm

A partir de: José Guerrero

La brecha de Víznar, 1966

Óleo sobre lenzo

196 x 238 cm

"A versión de 1966 é como a imaxe dunha ferida que sangra. É un achegamento, a visión primeira do lugar dunha traxedia, fronte á que non cabe senón a desesperación irreparable da dor e a fractura. Non hai recomposición posible porque a dor é demasiado próxima e intensa".

Santiago B. Olmo, "Guerrero-Campano: el color y la memoria", en Guerrero-Campano. *Rojo de cadmio nunca muere*, Centro José Guerrero, Deputación de Granada, Granada, 2002, p. 59.

31.

ANNA TURBAU

Cemiterio de Bonaval, Santiago de Compostela, 1976

Impresión Fineart Inkjet sobre papel de algodón Hahnemühle Photo Rag Baryta 315 g

24 x 36 cm

LEGADO ANNA TURBAU

"Actuar nun ámbito tan singular implica a absoluta necesidade de facelo desde o máis profundo respecto ás preexistencias que, conforme os traballos de limpeza foron avanzando, ían aparecendo. Aínda que se partiu dunha formulación previa, este tívose que ir axustando para poñelas en valor. Restos de muros, ruínas, enterramentos, camiños, e sobre todo a auga e a pedra".

Álvaro Siza Vieira, *Siza en Santiago*, Constructora San José S. A., Pontevedra, 1994, p. 161.

32.

NARELLE JUBELIN

Até agora sen título (Lavadoiro de Pinisqueira II), 2022. Da serie *Nalgures*, 2019-2022

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de liño, marco da artista, vidro e madeira de eucalipto

14,5 x 26 cm (imaxe), 29 x 52 x 2,5 cm (marco)

PLANTA PRIMEIRA. SALA 1

33.

NARELLE JUBELIN

Chan (Lavadoiro de Artes, 2022). Da serie *Nalgures*, 2019-2022

Palés de transporte protectores de madeira prensada e tinta

Medidas variables

34.

NARELLE JUBELIN

Nalgures, 2022

Vídeo HD; cor, son

12 min 44 s

Edición de 3. Copia de exhibición

Lugares: lavadoiro de Pinisqueira, en Aguiño; lavadoiro de Artes, en Corrubedo; cemiterio de Bonaval, lavadoiro de Picaños e lavadoiro Tras do Sarela en Compostela.

Voces: Encarna Otero, Purificación Pérez Sampedro, Ana Romaní e Josefa Torres Pérez

Cámaras: Narelle Jubelin e Fran Rodríguez

PLANTA PRIMEIRA. SALA 2

35.

HELEN GRACE E NARELLE JUBELIN

The Housing Question, 2019

Vídeo HD; cor, son

29 min 12 s

Helen Grace e Narelle Jubelin parten de dous exemplos de vivendas unifamiliares de arquitectura moderna, a Casa Huarte (José Antonio Corrales e Ramón Vázquez Molezún, Madrid, 1966) e a Casa Seidler en Killara (Harry e Penelope Seidler, Sidney, 1967), para sinalar outros proxectos de vivenda pública que tentaban resolver o problema da falta de vivenda como a Unidade Veciñal núm. 3 no barrio de Elviña (José Antonio Corrales, A Coruña, 1965).

PLANTA PRIMEIRA. SALA 3

36.

NARELLE JUBELIN

The Third Space, 2012-2013

Vídeo HD; cor, son

17 min 17 s

Documentación do proxecto *May Day* da Country Women's Association (CWA), de Narelle Jubelin e Lucy Bleach, comisariado por Paula Silva. Plantación redentora de eucaliptos realizada pola congregación da igrexa de estilo moderno Pío X, deseñada polo arquitecto Esmond Dorney en Tarooma, Tasmania. A plantación levouse a cabo baixo a dirección da horticultora Kris Shafer e contou coa beizón das árbores impartida por Michael Tate. Visitas aos terreos e á casa de Esmond Dorney en colaboración co arquitecto Paddy Dorney, a división CBD da CWA de Hobart e a congregación Pío X.

Transcrición das notas a pé de páxina do texto de Roselee Goldberg "Space as Praxis", publicado en *Studio International* en setembro de 1975.

Cámara: Robert Harrison

Editora: Patrícia Leal

"Si el primer espacio es el espacio de uno mismo y el segundo espacio es el espacio del otro, el tercer espacio es el espacio compartido, el espacio de la comunidad, el horizonte de valores compartidos que niegan una angustia existencial. Esta experiencia compartida confirma nuestra humanidad. *May Day* exploraba esta confirmación. El tercer espacio toma una comunidad establecida y envejeciendo que está perdiendo contacto con su pasado común, y vuelve a confirmar su relación con un espacio significativo. Lo hace a través de la potenciación de la congregación de Pío X para reconfirmar activamente la autenticidad de su espacio: ellos mismos. Esta instalación busca restablecer aquellas percepciones y valores que, inicialmente, se compartieron y que (casi inadvertidamente) han desaparecido, erosionados por el tiempo y los cambios sociales y políticos. El tercer espacio reafirma los valores inherentes a la ocupación compartida de este espacio especial de congregación. La iglesia Pío X está reconocida como la primera de estilo moderno construida en Australia".

Paddy Dorney, xaneiro de 2015. A partir de notas de *The Third Space and Other Notes* recollidas por Narelle Jubelin.

Quenda VI

37.

NARELLE JUBELIN

Nueva Forma, 2012. Da serie *Aferimage*, 2011-2012

8 interpretacións en *petit point* de algodón e seda montadas en marcos macizos de vidro de dobre cara e 9 ladrillos refractarios 90 x 65 x 25 mm c/u (marcos)

A partir de fotografías botánicas tomadas por C. Fullaondo, publicadas no número 20 da revista *Nueva Forma* (Madrid, 1967), dedicado á Casa Huarte, vivenda unifamiliar do construtor e mecenas das artes Jesús Huarte, proxectada por José Antonio Corrales e Ramón Vázquez Molezún en Puerta de Hierro (Madrid, 1966).

Quenda VII

38. 39.

ANNA TURBAU

Consecuencias das obras da autoestrada AP-9, 1977

Impresión Fineart Inkjet sobre papel de algodón Hahnemühle Photo Rag Baryta 315 g

50 x 70 cm

LEGADO ANNA TURBAU. FOTOGRAFÍA NÚM. 39 CORTESÍA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Fotografías realizadas para *Terra ceibe*, Santiago de Compostela, 1978.

“Finais dos 70, lugar de Vilaboa, entrando na Coruña desde Compostela. Unha acción popular enfróntase, en eterno presente, á poderosísima maquinaria político-financiera que sustenta os intereses de Autoestradas do Atlántico. Eu realizo unha reportaxe para o xornal semanal, de liña editorial nacionalista, *A Nosa Terra* e intercambio algunhas frases funcionais cunha fotógrafa, Anna Turbau, mentres unha figura en movemento busca un punto de observación como se todo aquilo lle resultase coñecido. Era Llorenç. O azar levounos, naquela ocasión, a ver xuntos e a participar na construción incidental doutra información, doutra imaxe sobre o real. Apenas sabía nada dela. Ignoráboo case todo sobre el. Pero reuníanos unha práctica densa en significado: a resistencia, con escasos medios e co corpo como manifesto, á destrución da Terra”.

Margarita Ledo Andión: “Galicia en V.O. El cine militante y el lugar de Llorenç Soler en la construcción del cine gallego contemporáneo”, en *La mirada comprometida de Llorenç Soler*, Miguel Francés (ed.), Biblioteca Nueva, Madrid, 2012, p. 188.

40. 41.

Xerra. Cerámicas do Castro. Sargadelos. Descatalogada

Xerra. Cerámicas do Castro. Sargadelos. Forma Bonaválica. Descatalogada. Serie iniciada en 1967

“Así, collendo elementos abstracto-xeométricos do románico e do barroco galego, interpretados con xeito de agora, adobiamos con iles diversos cacharros feitos de nós. Dous de iles levan nomes de moita sona en Santiago de Compostela: Bonaval e Castrondouro. Outros dous teñen relación con Portomarín e Monfero. Compretando esta liña, e coma contrapunto, estudiouse e incorporouse asimesmo dous sistemas plásticos modulares de influencias alleas, pro decisivas, que tivo a península ibérica, que se refiren ás ocupacións romana e árabe, collidas directamente de Itálica e Granada”.

En *Granadínica, Portomarínica, Bonaválica, Monférica, Itálica, Castrondóurica*, Cerámicas do Castro (Formas/67), p. 2.

En liña: <<https://www.isaacdiazpardo.gal/sites/default/files/2020-08/CF4.pdf>>. [Última consulta: 17/5/2022].

42.

ANNA TURBAU

Cemiterio de Bonaval, Santiago de Compostela, 1976

Impresión Fineart Inkjet sobre papel de algodón Hahnemühle Photo Rag Baryta 315 g

24 x 36 cm

LEGADO ANNA TURBAU E CORTESÍA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

En 1933 clausurábase o cemiterio de Bonaval mais o descontento veciñal, manifestado nun escrito presentado no Concello en 1939, deriva na súa reapertura ata 1960. A partir desa data, tanto o recinto funerario como o espazo da finca de San Domingos fican no desleixo durante décadas.

43.

NARELLE JUBELIN

Canalizacións de cemento. Da serie *Nalgures*, 2019-2022

Recibidas pola artista como agasallo dun amigo o 25 de abril de 2021.

PLANTA PRIMEIRA. CORREDOR

44.

NARELLE JUBELIN

Kodak, 2010-2012. Da serie *Afterimage*, 2011-2012

5 interpretacións en *petit point* de algodón e seda

13,9 x 12,9 x 2,5 cm c/u

A partir de fotografías en Kodacolor, seladas polo revelador no seu reverso, maio de 1978, tomadas por José Antonio Corrales ao rematar a construción e antes do amoblamento da vivenda unifamiliar que deseñou para a súa familia en Aravaca, Madrid.

45.

NARELLE JUBELIN E SANDRA REIN

Até agora sen título (Kasper Akhøj. Welcome [to the Teknival]), 2022. Da serie *Nalgures*, 2019-2022

2 exemplares de Kasper Akhøj, *Welcome (to the Teknival)*, Ivorypress, Madrid, 2018 (un deles intervido)

30 x 23,3 x 2 cm c/u

"A vila, proxectada na década de 1920 pola deseñadora e arquitecta Eileen Gray por encargo do seu amante, o tamén arquitecto e crítico Jean Badovici, levou a Akhøj a regresar alí noutras catro ocasións (...). Partindo das imaxes que a propia Gray tomou para unha reportaxe que Badovici publicou nun número especial da revista *L'Architecture Vivante* en 1929, Akhøj reproduce agora eses encadramentos para crear esta serie de fotografías que evocan un rescate da memoria do lugar. Quizá o feito que provocou o interese do artista danés sexa un que tivo lugar en 1938, cando Le Corbusier desconcertado previamente pola sutileza e o equilibrio das formas da E1027, non dubidou en aceptar a invitación que Badovici lle lanzou, tras a súa ruptura sentimental con Gray, para intervir a pretendida limpeza das paredes cunha serie de murais cuxas fotografías se publicarían en 1948, tamén na revista *L'Architecture Vivante*, obviando nomear a arquitecta".

Ángel Calvo Ulloa, "Kasper Akhøj: más allá", *El Cultural*, 26 de outubro de 2018

46.

NARELLE JUBELIN

Satellite Mirror, 2002. Da serie *Shumakom*, 2001-2002

Interpretación en *petit point*, fío de algodón sobre trama de seda

12,30 x 9,30 cm c/u (imaxes), 15,7 x 13 x 1 cm c/u (marcos)

A partir de *Satellite Mirror* (1926-1927), deseñado por Eileen Gray (1878-1976) para a súa casa E-1027 (1926-1929) e presente na exposición *Shumakom* (Artists' House, Xerusalén, 1 de maio - 1 de xuño de 2002) durante a segunda intifada.

47.

NARELLE JUBELIN E BROOKE FERGUSON

Multitudinous Seas, 2019

Impresión de lixivia sobre papel

21 x 29,7 cm

Edición de 25

A partir das palabras chave da descrición técnica da obra *Gezicht op Haarlem met bleekvelden* (c. 1670-1675) de Jacob van Ruisdael, Colección da Kunsthhaus Zürich, Zúric.

Segundo as definicións ofrecidas por Raymond Williams en *Keywords: A Vocabulary of Culture and Society*, Oxford University Press, Nova York, 1983 (primeira edición publicada en Londres, en 1976, por Fontana Paperbacks).

48.

NARELLE JUBELIN

Nueva Forma / Encuentros, 2011. Da serie *Afterimage*, 2011-2012

Vídeo; cor, son

17 min 8 s

Catro tomas, realizadas en distintos momentos con distintas cámaras, de Jesús Fole folleando o número 20 da revista de arquitectura, urbanismo, deseño, ambiente e arte *Nueva Forma* (setembro de 1967, edición especial sobre a Casa Huarte, casa con patios en Puerta de Hierro, Madrid); así como o catálogo *Encuentros 1972 Pamplona* (26 de xuño - 3 de xullo de 1972), publicación que recolle un conxunto de actos culturais patrocinados pola familia Huarte, construtores de orixe navarra que promoveron numerosas iniciativas socioculturais nos eidos da música e das artes plásticas e visuais.

49.

Escolma de catálogos, tanto individuais como colectivos, dalgúns dos proxectos nos que participou Narelle Jubelin (1990-2020):

Trade Delivers People, Aperto, La Biennale di Venezia, Venecia, 1990 (comisariada por Jo Holder)

Dead Slow, Centre for Contemporary Arts, Glasgow / 9th Biennale of Sydney, Sídney, 1992 (comisariada por Andrew Nairne)

Soft Shoulder, The Renaissance Society, Chicago, Grey Art Gallery & Study Center, Monash University Gallery, 1994-1995

Cocido y crudo, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid, 1995 (comisariada por Dan Cameron; deseño da exposición realizado en colaboración con Marcos Corrales Lantero)

Soft and Slow, Monash University Art Museum, Melbourne, 1995 (comisariada por Jennifer Duncan e Natalie King)

Colonial Post Colonial, Heide Museum of Modern Art, Melbourne, 1996 (comisariada por Max Delaney)

ECRU, Pavilhão Branco, Instituto de Arte Contemporânea, Lisboa, 1999 (comisariada por Isabel Carlos)

On Writing. Writing On 1994-2002, John Curtin Gallery, Perth, 2002

Shumakom, Artists' Space, Xerusalén, 2002 (comisariada por Andrew Renton; deseño da exposición realizado en colaboración con Marcos Corrales Lantero)

Paisaje agramatical, Centro José Guerrero, Granada, 2006 (comisariada por Yolanda Romero e Francisco Baena; deseño da exposición realizado en colaboración con Marcos Corrales Lantero)

Front of House, Parasol Unit, Londres, 2008 (comisariada por Andrew Renton; deseño da exposición realizado en colaboración con Marcos Corrales Lantero)

Cannibal Tours, Heide Museum of Modern Art, Melbourne, 2009 (comisariada por Ann Stephen; deseño da exposición realizado en colaboración con Marcos Corrales Lantero)

Vision in Motion, University Art Gallery, The University of Sydney, Sídney, 2012 (comisariada por Ann Stephen; deseño da exposición realizado en colaboración con Marcos Corrales Lantero)

Afterimage, La Casa Encendida, Madrid, 2012 (comisariada por Yara Sonseca; deseño da exposición realizado en colaboración con Marcos Corrales Lantero)

Plantas e Plantas, Centro de Arte Moderna, Fundação Calouste Gulbenkian, Lisboa, 2013 (comisariada por Isabel Carlos)